



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > Comezan as actividades na Biblioteca Helena Villar

Comezan as actividades na Biblioteca Helena Villar

Enviado por [admin0](#) [1] o Ven, 10/20/2023 - 07:57

[Recomendámosche](#) [2] [Biblioteca](#) [3]

A auga, elemento esencial da vida, sempre estivo e está presente na vida da xente galega, no seu vocabulario, nas súas tradicións, nas crenzas, na literatura...

Este curso, o proxecto documental integrado da [biblioteca Helena Villar](#) [4] do López Ferreiro, basearase neste constituínte vital. Así, compartiremos experiencias co colexio "Le petit Paris" de Brest, en Francia, e desenvolveremos entre o noso alumnado os obxectivos 6 (*Auga potable e saneamento*), 11 (*Acción polo clima*) e 14 (*Protexer a vida mariña*) da axenda 2030 aprobada pola ONU.

Como unha misteriosa regadeira do cantar de Rosalía, as tarefas do proxecto deixarannos o seu orballo en forma de ideas creativas que animarán ás nenas e aos nenos a buscar información e a difundila en diversos formatos.

Mentres, hai que potenciar o hábito lector, polo que as mochilas viaxeiras xa empezaron os seus percorridos e, a partir do 25, comezaremos as actividades fóra do horario lectivo para alumnado e familias.



Feito con **Drupal (ver. 6.28)**



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/574>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/5>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/34>

[3] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/78>

[4] <https://bibliolulu.blogspot.com/>